

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1660 *Real decreto 49/2010, do 22 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción do Ministerio de Trabajo e Inmigración.*

O artigo 9.2 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, establece que, sen prexuízo da inscrición das empresas de inserción no rexistro competente da comunidade autónoma onde se encontre o seu centro de traballo, o Ministerio de Trabajo e Inmigración creará un Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción para os únicos efectos de coordinación e intercambio de información.

Así mesmo, a disposición derradeira cuarta da Lei 44/2007, do 13 de decembro, insta o Goberno a aprobar, nun prazo non superior a seis meses a partir da publicación da referida lei, o regulamento de funcionamento do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción para efectos de coordinación e intercambio de información rexistral e estatística cos rexistros competentes das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Trabajo e Inmigración e da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación, obxecto e adscrición.*

1. Este real decreto ten por obxecto crear o Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción no Ministerio de Trabajo e Inmigración, así como regular a súa organización e funcionamento propios.

2. O dito rexistro administrativo ten como finalidade a coordinación e o intercambio de información cos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.

3. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción estará adscrito ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 2. *Natureza do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción.*

O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción é un rexistro público e gratuíto.

Artigo 3. *Organización do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción.*

1. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción levará un libro de inscrición de empresas de inserción e abrirá unha folla rexistral por cada empresa cualificada no rexistro autonómico competente, onde poderán constar os seguintes datos:

- a) Número de rexistro que se lle asigne.
- b) Denominación da empresa, con indicación da súa forma xurídica, e identificación fiscal.
- c) Obxecto social.
- d) Sector da actividade económica.
- e) Domicilio social.
- f) Domicilio do centro ou centros de traballo con que conta a empresa en cada comunidade autónoma.

- g) Capital social.
- h) Razón social das entidades promotoras, a súa identificación fiscal e a súa participación no capital social.
- i) Número de traballadores que se encontren en proceso de inserción e o total do cadro de persoal (en cada comunidade autónoma).
- j) Data da resolución de cualificación.

2. Corresponde aos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas facilitar e actualizar os datos sinalados no punto anterior. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción levarase polo procedemento electrónico que se estableza de acordo cun sistema de rexistro común cos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.

3. A competencia para a conservación e custodia do libro de inscrición de empresas de inserción, así como a práctica das inscricións previstas neste real decreto e a expedición de certificados sobre os datos que constan no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal.

O rexistro disporá os medios organizativos e técnicos adecuados para garantir a seguridade e interoperabilidade do rexistro electrónico, de acordo co establecido no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, e o Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

Artigo 4. Coordinación e intercambio de información coas comunidades autónomas.

1. Os rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas remitirán semestralmente ao Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción a información sinalada no artigo 3.1 das empresas que se inscriban, así como as variacións que se produzan neles.

2. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción remitirá semestralmente a todas as comunidades autónomas información estatística sobre o número de empresas de inserción, sector da actividade económica, número de traballadores en proceso de inserción e de traballadores no cadro de persoal e tipos de contratos respectivos.

3. Co obxecto de cumprir co disposto neste artigo manterase a oportuna colaboración entre o Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción e os rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.

Disposición transitoria única. Subministración de información rexistral.

1. Os rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas terán un prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto para remitir ao Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción os datos sinalados no artigo 3.1.

2. A primeira remisión da información estatística a que alude o artigo 4.2 realizarase nun prazo de tres meses a partir da recepción no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción dos datos previstos no punto anterior.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ